



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte: Linguaxes e técnicas artísticas

Materia	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			
Código	O02G251V01103			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez López, Ángel			
Profesorado	Domínguez López, Ángel			
Correo-e	adominguez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descripción xeral	A materia que se presenta baixo o título de Linguaxes e técnicas artísticas, non se presenta como unha historia da arte no sentido estrito do concepto, se non que, indo máis alá do contido histórico, reúne unha serie de conceptos básicos que o futuro historiador da arte debe coñecer. O obxectivo fundamental é aproximar ao estudiante que se inicia na titulación, á comprensión do fenómeno artístico dende a análise ou lectura formal dos elementos primordiais de expresión que constitúen cada unha das artes. Así obteránse uns coñecementos que permitirían a reconstrución tan obxectiva como sexa posible de todos aqueles aspectos que contribúan a coñecer e comprender a forma e a función orixinal das obras de arte para, en cursos posteriores, poder ser estudadas en relación coas circunstancias nas que foron realizadas. Desta forma, a materia organízase como un compendio de contidos orientados a promover a reflexión sobre a natureza e función da obra de arte e sobre as peculiaridades das distintas linguaxes artísticas. Unha inevitable delimitación de campos científicos determina que a materia se centre na análise das distintas linguaxes tradicionais, dende a arquitectura ás chamadas artes visuais e decorativas.			

Competencias

Código

A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e soluciones a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C27	Coñecementos particulares e optativos da Historia da Arte
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da producción artística ao longo da historia
C31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
C33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos móbiles e inmóveis
C34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D7	Capacidade de razonamento crítico
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
D14	Motivación pola calidad
D16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe	Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.		A3 B2 C27 D1 C29 D7 D16
Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos que as vehiculan.		A3 C27 D2 C29 D8 C33
Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.		A4 B6 C27 D2 C29 D4 C33 D16
Capacitación para a selección, manexo e tratamiento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.		A4 C27 D1 C28 D7 C29 D8 C33 D14
Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.		C29 D10 D16
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte	A3	C27 D1 C28 D2 C31 D7 C34 D10 D16

Contidos

Tema

1. Teoría e linguaxe da arquitectura	1.1. Elementos formais do espacio arquitectónico 1.2. Función, símbolo e tipoloxías arquitectónicas 1.3. Tratados de arquitectura
2. Artes visuais e decorativas	2.1. A arte da escultura: materiais, procedementos técnicos e plásticos, función e significado 2.2. A arte da pintura: elementos formais e plásticos. As técnicas pictóricas e as súas posibilidades 2.3. Fontes literarias e técnicas
3. As artes decorativas e suntuarias	3.1. Fontes e técnicas das artes decorativas: materiais, elaboración e evolución histórica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	24	10	34
Eventos científicos	4	20	24
Sáidas de estudio	4	10	14
Traballo tutelado	3	20	23
Obradoiro	4	10	14
Seminario	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	24	28
Observación sistemática	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Sesións previas orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e toma de contacto co alumnado
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos teóricos da materia con apoio de material gráfico e didáctico
Eventos científicos	Sáidas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por especialistas de institucións museísticas. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Sáidas de estudio	Práctica de campo para o estudio in situ das planimetrias e tipoloxías arquitectónicas e dos diferentes xéneros artísticos

Traballo tutelado	Realización e exposición por parte do estudiante dun traballo individual tutelado, relacionado cos contidos da materia, iniciándose no manexo das fontes bibliográficas, documentais e literarias
Obradoiro	Acitividades prácticas orientadas á planificación dos traballos tutelados e á súa exposición así como outros aspectos complementarios da materia.
Seminario	Atención titorizada en grupo para a atención e resolución de aspectos derivados da aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudio, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitic Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Seminario	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudio, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitic Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudio, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitic Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.

Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	<p>Os traballos tutelados serán avaliados en función do interese, bibliografía e metodoloxía empregada, así como dos recursos empregados na súa exposición.</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son:</p> <ul style="list-style-type: none"> Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados. Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte. Capacitación para a selección, manexo e tratamiento da información e datos artísticos básicos. 	20	A3 A4	B2 C29 C33 C34	C28 D2 D4 D7	D1
Obradoiro	<p>As prácticas realizadas nos obradoiros serán avaliadas mediante a entrega dos exercicios realizados nas diferentes sesións de traballo.</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son:</p> <ul style="list-style-type: none"> Coñecemento dos fundamentos artísticos da cultura clásica de base humanística. Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico. 	10	A3 A4	B6 C29	C28 D2 D7	D1
Resolución de problemas e/ou exercicios	<p>A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta.</p> <p>Para superar esta proba é necesario obter un mínimo de 5 puntos (sobre os 10 do total).</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son:</p> <ul style="list-style-type: none"> Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico. Coñecemento e compresión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos. Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica. 	60	A4 B6	B2 C28 C29 C33	C27 D4 D10 D14 D16	D1
Observación sistemática	<p>Valoración do traballo autónomo do alumnado a través de probas de autoavaliación a través de Moodle.</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son:</p> <ul style="list-style-type: none"> Capacitación para a selección, manexo e tratamiento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar. 	10	A4	C27 C28 C29 C33	D1 D7 D8 D14	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudiantes que se acollen á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requirian presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación dos alumnos a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas

ou exercicios en liña, etc.).

O estudiante deberá cumplir os requisitos mínimos de dedicación a materia, asistindo ás titorías ou mediante medios informáticos (mail, Faitic, e-meeting), que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas surxidas no transcurso da avaliación. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudiantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación contínua, deberán comunicarlo ao profesor no inicio do curso, debidamente xustificado. Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obligatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BONET CORREA, Antonio, **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, 2^a, Catedra, 2006

BOZAL, Valeriano, **El lenguaje artístico**, 1^a, Península, 1970

CALABRESE, Omar, **El lenguaje del arte**, Reimp., Paidós, 2003

CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía de los santos**, Reimp., Akal, 2008

FATÁS, Guillermo, BORRÁS, Gonzalo M., **Diccionario de términos de arte y elementos de arqueología, heráldica y numismática**, 4^a, Alianza, 2012

Bibliografía Complementaria

CALABRESE, Omar, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra, 1999

CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía cristiana**, 4^a reimp., Akal, 2016

DOERNER, Max, **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, 6^a, Reverté, 2011

MALTESE, Corrado, **Las técnicas artísticas**, Reimp., Cátedra, 2006

MONREAL Y TEJADA, Luis, **Iconografía del cristianismo**, 2^a reimp., Acantilado, 2014

WITTKOWER, Wittkower, **La escultura: procesos y principios**, Reimp., Alianza, 2006

VV.AA., **Diccionario visual de términos de arte**, Reimp., Cátedra, 2015

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de términos e voces de arte e arquitectura para a comprensión das diferentes disciplinas de Historia da Arte.

A lo largo do curso entregárase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descripción

== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ==

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantido a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ==

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móvil.
